

PEZA DO MES

novembro

2000



ÁUREO DE CLAUDIO

ÁUREO DE CLAUDIO, ACUÑADO NA DÉCADA DOS CUARENTA DO SÉCULO I D.C., E QUE FORMA PARTE DUN TESOURIÑO ENCONTRADO NAS ESCAVACIÓNS DO CASTROMAO (CELANOVA).





VISTA XERAL DE CASTROMAO

ÁUREO DE CLAUDIO

Esta moeda de ouro acuñada nas cecas imperiais de Roma descubriuse formando parte dun conxunto de sesenta e cinco moedas que se gardaban no interior dun xarriño cerámico e se agochaban nunha das estruturas constructivas da plataforma baixa do Castromao, que foi obxecto de escavación no ano 1970, nas inmediacións daquela outra na que se encontrou a tessera hospitalis., que no seu texto da conta do pacto de mutuo apoio entre a comunidade dos Coelerni, os habitantes de Castromao e a súa contorna, e Gneo Antonio Aquilo Novaugustano, xefe dunha unidade militar romana, a Cohors I Celtiberorum.

No anverso da peza podemos observar unha cabeza do emperador, con coroa de laurel, que mira a dereita, rodeada por unha lenda que en sentido de dereit a esquerda permiteler:TI. CLAVD. CAESAR AVG. P.M. TR. P. VI. IMP. XI.

Temos eiqui o nome completo do emperador, acompañado da mención do desempeño de dous cargos, o que permite precisar a data de acuñación nos anos 46-47, xa que é o momento en que coincide o desempeño das maxistratu

ras, a Tribunicia potestas e mailo nomeamento de Imperator.

No seu reverso aparece un arco triunfal, cun entablemanto onde figura a inscrición DE BRITANN, coronado por unha estatua ecuestre do emperador flanqueada de sendos trofeos. A gráfila de puntos non está completa, apreciándose un lixeiro desplazamento dos cuños sobre o cospel, máis notorio no reverso. O módulo da peza é de 18 mm e o seu peso 7,82 grs, o que a sitúa dentro das proporcións propias da moeda.

Aínda que os áureos son moedas habituais, o número dos aparecidos en Galicia, correspondentes a esta cronoloxía, é escaso, sempre formando parte de tesouriños e moi rara vez de achados contextualizados, xa que como ten resaltado Centeno son poucos os tesouriños aparecidos en contextos arqueolóxicos definidos, endeben do seu estudo, como pode verse no xa citado de Centeno e nos de Cavada Nieto poden deducirse interesantes consideracións históricas.

A calidade do seu traballo técnico pode apreciarse nunha ampliación da súa imaxe, aproximándonos os mellores logros da arte do retrato e da calidade de execución que todos os autores sinalan no período inmediato de Nerón. Aquí podémolo ver nos rasgos do rostro do emperador, no anverso, ou no detalle do arco, da esta-

tua e dos trofeos que o rematan no reverso, onde os tipos mostrados pódense relacionar coa propaganda imperial, tanto proclamando os seus éxitos militares ou políticos, como outras realidades sociais e mesmo económicas.

O tesouríño mostra unha variada serie de exemplares monetais, sesenta e cinco moedas, fundamentalmente denarios, isto é moedas de prata, e un áureo, a nosa peza do mes. A cronoloxía das pezas que forman o conxunto abrangue dende os anos 119- 116 a. C. para as pezas máis antigas, con pezas republicanas, até o 56 d.C., data de acuñación da máis recente das moedas, coa efíxie e títulos imperiais de Nerón. A data máis probable para a súa ocultación pode establecerse en datas próximas a esta fecha, ben sexa con ocasión das revoltas que convulsionaron o noroeste peninsular nos últimos anos do reinado de Nerón e que estiveron na orixe da proclamación de Galba como emperador en Hispania, ben nun momento posterior.



REVERSO. CONMEMORACIÓN DO TRIUNFO EN BRITANIA

A variedade dos tipos de denarios recollidos e a súa amplitude cronolóxica -endebén sexan habituais as aparicións de moedas de cronoloxía dispar nun conxunto- fan pensar máis que nun acobillo de tesaurización, que tamén o é polo metal das especies representadas, nun endondrixo de coleccionismo, xa que se nos presenta un variado muestrario de pezas e cuños de época republicana ou mesmo das acuñacións de época de Tiberio, que con catorce exemplares que mostran no reverso a Livia representada como Pax Augusta mostran tipos diferentes, sen repeticións, e outro tanto acontece cos denarios augústeos a nome de Caio e Lucio. Na súa composición o acobillo lembra ós semellantes de datas anteriores, sobre todo

pola presenza de acuñacións republicanas en porcentaxe cosiderable.

Como podemos ver, mentres que a moeda de prata, o denario, era ben coñecida e no seu entorno se desenvolveran acuñacións que seguían o seu patrón de peso e lei, a moeda de ouro era máis escasa. De feito, na República, só se cuñara en situacións de emerxencia como a segunda Guerra Púnica, pero César, coas súas reformas incorporou o ouro no sistema. Será sen embargo coa reforma augústea cando se defina o seu papel e se articule un sistema de equivalencias que, con pequenas modificacións, vai durar ata o final do Imperio, sendo un elemento fundamental da articulación económica do mesmo, realizándose emisións de gran amplitude, sobre todo nos dous primeiros séculos da Era.

Augusto estableceu a talla do aureus, isto é o número de pezas por libras, en 40, do que resulta un peso medio de 7,85 gr, sendo equivalente un áureo a 25 denarios de prata, con 84 denarios por libra de prata e peso de 3,8 gr. No sistema incluíase tamén a relación co latón e cobre. As pezas eran de ouro caseque puro, cun tenor de fino do 99 %. O seu uso era para os grandes pagos, fronte o denario destinado ó comercio, mentres que as moedas como o sextercio e mailo as eran as moedas correntes.

A peza cerámica que contiña as moedas responde a un tipo pouco frecuente no mundo castrexo, pero que ten o seu desenvolvemento na súa etapa final e se achega ata o final do século primeiro da Era. Trátase dunha peza con fondo plano, pe marcado, forma bitroncocónica, cuna faixa central sulñada por dous baquetons, normalmente decorada por series de motivos formando friso e estamapillada, con dúas asas caseque cilíndricas que, dende a panza chegan ó borde doblándose en ángulo recto máis ou menos acusado, no noso caso rotas e desaparecidas. O borde é aberto e recto. A pasta é moura, co moi bo acabado exterior por pulimento que alcanza tamén parcialmente o interior. Existen paralelos desta forma os grandes xacementos do norte de Portugal como Sanfins ou Briteiros.

En suma, unha mostra máis da incorporación de Galicia ós circuitos económicos, políticos e culturais do Imperio Romano, tal e como nos amosa hoxe esta singular peza, un áureo, do acobillo monetar de Castromao, inmediato ó lugar onde o mundo se chama Celanova.



HISTORIA DO MUSEO

No ano 1895, a Comisión Provincial de Monumentos Históricos e Artísticos de Ourense decidiu crear un Museo Arqueolóxico Provincial no que se puidesen conservar tódolos testemuños do pasado histórico da provincia e onde se puidesen reunir os dispersos tesouros que formaron parte do Museo de Pinturas, que a propia Comisión establecera en 1845 e que funcionou como tal ata 1852. O Museo abriu ó público ó ano seguinte, en 1896. En pouco tempo as coleccións crearon considerablemente e fíxose necesario un espazo máis amplo, dando lugar ós primeiros traslados, que por sucesivas desgracias non remataron ata o ano 1951. Neste ano adquiriuse a súa actual sede, o edificio que desde o século XII fora Palacio Episcopal.

O EDIFICIO

O edificio onde ten a súa sede o Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense, adquirido para este fin en 1951, foi con anterioridade Palacio Episcopal. Edificado no primeiro tercio do século XII polo bispo don Diego II (1100-1132), conserva parte do seu núcleo orixinal. A construción deste núcleo prolongouse ata o episcopado de D. Lorenzo (1218-1248), ó que se lle foron engadindo elementos góticos (torre de Santa María), renacentistas (soportais do xardín) e barrocos (portada, patio dianteiro), conformando un monumento singular, que mereceu a declaración de monumento histórico-artístico por Decreto do 3 de xuño de 1931. Durante toda a Idade Media desempeñou un papel destacado na organización urbana.

HORARIO DO MUSEO

Aberto de martes a domingo de 9:30h a 14:30h e 16:00h a 21:30h.
Os domingos só de 9:30 h. a 14:30 h.

PEZA DO MES:

Presentación o 2º sábado de cada mes ás 12:00 h. e ás 19:00 h.

EDITA: Museo Arqueolóxico. TEXTO: Francisco Fariña Busto. FOTOGRAFIA: Fernando del Río.
MAQUETA: Araceli Gallego. IMPRIME:A.G. Vicus, S.A.L. DEPÓSITO LEGAL: VG-165-2000



CONSELLERÍA DE CULTURA,
COMUNICACIÓN SOCIAL E TURISMO

Museo Arqueolóxico



XACOBEO'99
Galicia



Praza Maior, s/n. - Telf. 988 22 38 84 - Fax 988 22 37 01 - Apdo. Correos 145 - 32005 OURENSE

